

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo.*

De conformidade co establecido no artigo 33.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, correséndelle á Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

Pola súa parte a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade dispón, no seu artigo 24, que as actividades públicas e privadas que, directamente ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde, someteranse polos órganos competentes a limitacións preventivas de carácter administrativo, de acordo coa normativa básica do Estado.

No que se refire ás piscinas hai que sinalar que, desde a entrada en vigor do Decreto 53/1989, do 9 de marzo, polo que se aprobaba o Regulamento sanitario de piscinas de uso colectivo e as súas posteriores modificacións, as autoridades sanitarias galegas velaron, mediante programas de vixilancia, por garantir á poboación unhas adecuadas condicións de salubridade e de seguridade destas instalacións.

A experiencia obtida da aplicación desta normativa foi altamente positiva mellorando tanto as instalacións como a calidade sanitaria das augas dos vasos.

Non obstante, o tempo transcorrido desde a entrada en vigor da devandita norma, a introdución de novas tecnoloxías e as modificacións producidas para o tratamento das augas e no sistema de autocontrol, cada vez máis difundido, así como a experiencia acumulada sobre esta materia puxeron de manifesto a necesidade de modificar o decreto.

Por outra banda, cómpre adaptar as instalacións térmicas de risco coas que contan as piscinas de uso colectivo ao establecido no Decreto 9/2001, do 11 de xaneiro, polo que se regulan os criterios sanitarios para a prevención da contaminación por legionella nas instalacións térmicas e o Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexionelose.

Na súa virtude, por proposta do Conselleiro de Sanidade e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día seis de maio de douce mil cinco,

#### DISPOÑO:

##### Capítulo I

###### Obxecto e ámbito de aplicación

###### Artigo 1º.-Obxecto.

Este decreto ten por obxecto fixar, con carácter obligatorio, as normas que regulan o control sanitario das piscinas de uso colectivo relativas a:

-A auga e o seu tratamento.

-Servizos complementarios e instalacións anexas.

-Persoal encargado.

-Educación sanitaria e comportamento dos usuarios.

-Réxime de autorización, vixilancia e inspección.

-Faltas e réxime sancionador.

Artigo 2º.-Definicións.

Para os efectos deste decreto enténdese por:

1. Piscina: toda instalación que supoña a existencia dun ou máis vasos así como dos equipamentos necesarios para o baño colectivo ou na natación.

Atendendo á instalación, as piscinas poden clasificarse en:

I) Cubertas: aquelas que teñan o vaso protexido do ambiente exterior.

II) Descubertas: aquellas que teñan os vasos situados ao aire libre.

2. Instalacións complementarias: maquinarias, aparellos para elevación e depuración da auga, caldeiras, xeradores eléctricos, instalación para iluminación e almacéns para material.

3. Pediluvio: conduto aberto con fluxo continuado de auga con poder desinfectante e non recirculable, para a limpeza e desinfección dos pés.

4. Praia ou paseo: superficie que circunda o vaso.

5. Valor límite: aquel valor do parámetro representativo da calidade da auga do vaso, correspondente á mínima calidade admisible. Este valor non pode ser superado.

6. Vaso: espazo estanco que acumula o total do volume de auga utilizada no baño colectivo ou na natación.

7. Vaso climatizado descuberto: vaso situado ao aire libre no que a temperatura da auga manterase entre 25 e 30°C.

8. Vaso climatizado cuberto: vaso protexido do ambiente que reúna as características establecidas no artigo 13º.

9. Vaso de competición ou deportivo: vaso equipado coas características propias para a práctica de cada deporte.

10. Vaso infantil: vaso que teña unha profundidade máxima de 60 centímetros e unhas pendentes non superiores ao 10%. A súa localización será independente, de forma que os nenos non poidan acceder facilmente aos outros vasos da instalación.

11. Vaso recreativo: vaso destinado ao público en xeral e que non posúa as características do deportivo e/ou infantil.

12. Vaso de saltos: vaso no que existen panches e/ou trampolíns. A altura destes determinarase en relación coa profundidade da zona do vaso destinada para este uso.

13. Zona de baño: a constituída polo vaso e a praia ou paseo.

#### Artigo 3º.-Tipos de piscinas.

Para os efectos deste decreto, en aplicación de criterios sanitarios e de acordo cos posibles usuarios, considéranse dúas clases de piscinas:

a) Particulares: inclúense as unifamiliares e as pertencentes a conxuntos inmobiliarios ou comunidades de veciños.

b) De uso colectivo: as pertencentes a corporacións, entidades, aloxamentos turísticos, sociedades de carácter público ou privado e calquera outra non comprendida no punto anterior, independentemente da súa propiedade.

#### Artigo 4º.-Ámbito de aplicación.

1. O ámbito de aplicación deste decreto constitúeno todas aquelas piscinas de uso colectivo situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste decreto, as piscinas de uso particular definidas no artigo 3 a). Así mesmo, quedan excluídas as de augas termais, as de centros de tratamiento de hidroterapia, outras destinadas a usos exclusivamente médicos e o vaso de tipo jacuzzi ou similar, que deberán cumplir a normativa vixente para este tipo de establecementos.

### Capítulo II

#### Compoñentes, características do vaso e instalacións do seu contorno

#### Artigo 5º.-Condicións do vaso.

1. O vaso da piscina terá unhas características construtivas de tal xeito que aseguren a estabilidade, resistencia e estanquidade da súa estrutura.

2. Calquera que sexa a forma e dimensións do vaso, evitaranse os ángulos, curvas ou obstáculos que poidan dificultar a recirculación da auga ou que representen perigo para os usuarios. Non existirán obstrucións subacuáticas de calquera natureza que poidan reter o nadador debaixo da auga.

3. Os vasos de competición ou deportivos e os de saltos definidos no artigo 2º, poderán quedar excluídos das características indicadas no parágrafo anterior, logo de conformidade expresa da autoridade competente da Consellería de Sanidade.

4. O fondo e as paredes estarán revestidos de materiais lisos, antiesvaradíos, impermeables e resistentes aos axentes químicos, de cor clara e de fácil limpeza e desinfección. Non se utilizarán revestimentos que poidan provocar accidentes ou ser antihixiénicos.

5. Co fin de evitar accidentes, todos os vasos dispoñerán dalgun sistema eficaz que impida o acceso fóra do horario de funcionamento expresamente establecido.

#### Artigo 6º.-Profundidade do vaso.

1. O fondo do vaso da piscina terá a pendente necesaria para facilitar o seu o baleirado, sen que aquela poida superar o 30%.

2. Os cambios de pendentes serán moderados e progresivos e estarán sinalizados, igual que os puntos de máxima e mínima profundidade. Os rótulos de sinalización situaranse nas paredes laterais do vaso e/ou no paseo que o rodea segundo sexa máis visible para os usuarios.

3. O fondo de todo vaso, calquera que sexa a súa capacidade, dispoñerá dun desaugadoiro xeral de gran paso, que permita a evacuación rápida da totalidade da auga e dos sedimentos e residuos nel contidos. Este desaugadoiro de fondo estará adecuadamente protexido mediante dispositivos de seguridade.

#### Artigo 7º.-Rebordadoiro perimetral ou skimmer.

1. Os vasos de nova construcción que teñan unha superficie de lámina de auga superior aos douscientos cincuenta metros cadrados ( $250\text{ m}^2$ ) disporán de rebordadoiros perimetrais con bordos arredondados e antiesvarantes.

2. Os vasos xa construídos, calquera que sexa a superficie de lámina de auga, e os de nova construcción que a teñan por debaixo da cantidade indicada na alínea anterior, disporán de rebordadoiros perimetrais, ou de rebordadoiros descontinuos (skimmers). Neste caso haberá un skimmer por cada vinte e cinco metros cadrados ( $25\text{ m}^2$ ) de lámina de auga. Nos vasos de nova construcción os skimmers distribuiranse proporcionalmente de xeito que non queden zonas mortas.

3. Os sistemas indicados nos dous puntos anteriores poderanse substituír por outros que garantan a calidade da auga do vaso, logo de conformidade expresa da autoridade competente da Consellería de Sanidade.

#### Artigo 8º.-Accesibilidade.

1. Para o acceso á auga instalaranse polo menos dúas escalaieras con banzos antiesvarantes e sen arestas vivas, construídas con materiais inoxidables de fácil limpeza e que garantan a seguridade dos usuarios. Situaranse preferentemente nos ángulos do vaso de xeito que entre elas non exista unha distancia superior aos vinte metros medidos no perímetro deste, e o seu número será axeitado á lonxitude ou á forma do vaso.

2. As escalaieras encaixaranse no seu extremo superior, e sen chegar ao fondo do vaso, alcanzarán baixo a auga unha profundidade suficiente para subir con comodidade.

3. Poderase excluír a colocación de escaleiras nos vasos infantís, sempre que o seu deseño garanta a accesibilidade e non exista risco para os usuarios.

4. Tamén poderán existir escaleiras e/ou ramplas de acceso ao vaso, sempre que quede garantida a seguridade dos usuarios. O seu número computará para os efectos da determinación do número de escaleiras segundo o disposto no punto 1 deste artigo.

#### Artigo 9º.-Paseo ou praia.

1. O paseo ou praia estará libre de impedimentos. Os pavimentos deberán estar realizados en material antiesvarante e impermeable e conservaranse continuamente en perfecto estado de hixiene. Terán un largo mínimo de 1,20 metros e unha lixeira pendente cara ao exterior co obxecto de evitar os encharcamientos e verteduras de auga cara ao vaso. Co fin de poder realizar periodicamente a súa limpeza e desinfección a instalación dispoñerá de bocas de rega.

2. Nos paseos que rodean aos vasos descubertos deberá instalarse un número de duchas con auga potable polo menos igual ao de escaleiras de acceso ao vaso. En ningún caso se permitirá a recirculación desta auga para o uso do vaso. A plataforma que rodea as duchas debe estar impermeabilizada e con desaguadoiro, de forma que se eviten encharcamientos arredor delas. As duchas deberán estar a suficiente distancia do vaso para que a auga que vertan non reverta a este.

3. Na zona de estada que rodea o vaso en caso de vasos descubertos poderán construírse tamén pediluvios de fácil limpeza e desinfección.

#### Artigo 10º.-Aforo.

Agás nos vasos infantís, definidos no artigo 2º, o número máximo de bañistas virá determinado pola superficie de cada vaso, de tal xeito que nos momentos de máxima concorrencia cada bañista disponga polo menos de dous metros cadrados de lámina de auga para os vasos das piscinas descubertas e de tres metros cadrados nos vasos de piscinas cubertas.

#### Artigo 11º.-Elementos de seguridade.

1. O número mínimo de flotadores salvavidas que existirá en cada vaso, agás nos vasos infantís, será de dous, non debendo ser nunca inferior ao número de escaleiras instaladas. Colocaranse en lugares da zona de estancia próxima ao paseo que rodea o vaso e facilmente accesibles para os bañistas.

2. Disporá en lugar facilmente accesible, dunha corda de lonxitude non inferior á metade do largo máximo anchura do vaso máis tres metros.

#### Artigo 12º.-Torres de saltos, trampolíns e esvaradoiros.

1. As torres de saltos e/ou trampolíns instalaranse únicamente en vasos destinados exclusivamente para este uso.

2. A construcción, deseño, disposición e materiais de trampolíns flexibles, de pancas ríxidas, plataformas e torres de saltos en xeral garantirán, en todo momento, a seguridade dos usuarios.

3. Os tobogáns, esvaradoiros ou calquera outra instalación co mesmo fin estarán nunha zona acotada do vaso. Serán de material inoxidável, lisos e non presentarán xuntas nin rebordos que lles poidan producir lesións aos usuarios. As escadas de acceso á súa parte superior terán inclinación moderada; os chanzos serán antiesvarantes, sen arestas vivas e contarán con varandas de seguridade e respetarase o disposto nas normas técnicas para ese tipo de instalación.

#### Artigo 13º.-Condicóns dos vasos cubertos.

Os vasos cubertos climatizados dispoñerán das instalacións necesarias que aseguren a renovación constante do aire no recinto, mantendo sempre unha humidade relativa non superior ao 80% e unha temperatura ambiental superior en 2ºC á temperatura da auga do vaso, que oscilará entre 25ºC e 30ºC.

### Capítulo III Condicóns e tratamento da auga do vaso

#### Artigo 14º.-Auga de alimentación: enchedura e renovación do vaso.

1. A auga de alimentación e de renovación dos vasos procederá da rede xeral de distribución de auga apta para o consumo.

2. No caso de que proceda de distinta orixe, deberá pasar polo sistema de filtración-desinfección para conseguir as características definidas no anexo I.

3. No caso de que a auga de alimentación e renovación sexa auga do mar, cumprirá só os caracteres microbiolóxicos sinalados no anexo I.

4. As bocas de entrada e saída correspondentes ao circuíto hidráulico pechado dos vasos estarán deseñadas de forma que se consiga unha homoxeneización completa e un réxime de circulación uniforme da auga. As devanditas bocas contarán cos medios técnicos para evitar a retrofotaxe da auga.

#### Artigo 15º.-Auga das instalacións.

A auga das instalacións xerais, a circulante dos pediluvios e a das duchas nunca poderá pertencer ao circuíto de rexeneración propio do vaso.

#### Artigo 16º.-Tratamento da auga do vaso.

1. A auga do vaso recirculada en circuíto pechado deberá ser filtrada e depurada mediante procedementos autorizados que, ademais de desinfectala lle confira poder desinfectante sen chegar a ser nunca irritante para os ollos, pel e mucosas dos bañistas. A devandita auga deberá cumplir os requisitos de calidade establecidos no anexo I deste regulamento.

2. Na auga do vaso existirá sempre un desinfectante de efecto residual nos límites establecidos no anexo I.

3. Aínda que se poida empregar un sistema de filtración común a varios vasos, a dosificación de desinfectante de acción residual deberá ser independente para cada vaso. Así mesmo, cada vaso disporá dos seus propios dispositivos de alimentación e evacuación.

4. Os produtos para o tratamento sistemático da auga non se engadirán nunca directamente aos vasos. Será necesario dispor de sistemas de dosificación que funcionen conxuntamente co sistema de recirculación e que permitan, se é necesario, a disolución total dos produtos utilizados para o tratamento.

5. O tratamento co desinfectante farase de forma que garanten sempre unha adiccción continuada e automática. Excepcionalmente, cando sexa necesario e xustificado permitirase a dosificación manual doutros produtos distintos dos desinfectantes, tales como os de tratamiento de cobertura e correctores, sempre e cando se realice fóra do horario ao público.

6. Achegarase auga nova en cantidade suficiente para garantir os parámetros de calidad desta, especificados no anexo I.

#### **Artigo 17º.-Circulación da auga do vaso.**

1. Durante o horario de funcionamento do vaso o ciclo de filtración deberá ser establecido de tal xeito que todo o volume de auga se recircule nos períodos que se indican a continuación:

-Vasos infantís: cada hora.

-Vasos recreativos e vasos de competición: cada 4 horas.

-Vasos dedicados exclusivamente a saltos: cada 8 horas.

2. A velocidade de filtración será a que se indique nas características técnicas do filtro, non podendo superar esta.

3. Nos vasos de nova construcción, a velocidade de filtración no caso de filtros de area non será superior a 30 m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup>/hora.

#### **Artigo 18º.-Contadores de control.**

En cada vaso instalarase un contador de auga para controlar a cantidade de auga achegada ao vaso e un contador para controlar a cantidade de auga reciclada.

#### **Artigo 19º.-Baleiramento do vaso.**

1. Polo menos unha vez ao ano deberase proceder ao baleiramento total da auga do vaso para poder realizar a súa limpeza e desinfección.

2. Quedan exceptuados do estipulado no punto 1 os vasos de funcionamento continuo.

### **Capítulo IV**

Servizos complementarios e instalacións anexas

#### **Artigo 20º.-Vestiarios.**

1. Os vasos cubertos estarán situados de tal maneira que ningún bañista poida acceder a eles sen pasar previamente polos vestiarios.

2. Os vestiarios deberán cumplir as seguintes condicións:

-Eliminación de barreiras arquitectónicas.

-Ventilación axeitada.

-Separación entre locais con diferenza de temperatura (no caso dos vasos cubertos).

-Separación de espazos para circulación con pés calzados e pés descalzos.

-Emprego de materiais que permitan unha correcta limpeza e desinfección periódica.

O chan dispoñerá de sistemas axeitados e eficaces para a evacuación da auga.

3. Nos vasos instalados en complexos deportivos poderá considerarse como vestiario calquera outro de utilización pública con fácil acceso ao vaso e que reúna as condicións hixiénico-sanitarias adecuadas.

4. Nos servizos e instalacións do recinto evitarase calquera tipo de elemento construtivo que impida o dificulte o uso para persoas minusválidas.

5. Os vasos instalados en aloxamentos turísticos como hoteis, cámpings, casas rurais onde se permita exclusivamente o acceso aos usuarios do aloxamento quedan exentos da obligatoriedade de dispor de vestiarios.

#### **Artigo 21º.-Servizos hixiénicos.**

1. En todo momento, os servizos hixiénicos cumplirán os requisitos relativos a materiais, construcción e disposición dos elementos. Non se empregarán materias nin recubrimientos susceptibles de constituírse en substrato para o crecemento bacteriano.

2. Os locais dos servizos hixiénicos deberán dispor de boa ventilación, os materiais dos paramentos verticais e horizontais serán de natureza impermeable, de fácil limpeza e desinfección; o chan será antiesvarante e contará con sistemas de evacuación de forma que se eviten encarcamentos.

#### **Artigo 22º.-Dotación dos vestiarios e servizos hixiénicos.**

1. O número mínimo de servizos sanitarios (retretes, urinarios e lavabos) de que deberán dispoñer os vestiarios, tanto masculinos como femininos, será o seguinte:

-1 retrete por cada 50 metros cadrados de lámina de auga (2 como mínimo).

-1 lavabo cada 3 retretes (2 como mínimo).

No vestiario masculino o 60% dos retretes poderánse substituír por urinarios.

2. O número mínimo de duchas de que deberán dispoñer os vestiarios, tanto masculinos como femininos, será o seguinte:

-1 ducha por cada 40 metros cadrados de lámina de auga (2 como mínimo).

3. En ningún caso se contabilizarán as duchas recollidas no artigo 9º.

#### Artigo 23º.-Limpeza de vestiarios e aseos.

1. Toda a área de vestiarios e aseos deberán limparse e desinfectarse diariamente ou con máis frecuencia segundo as necesidades.

2. Así mesmo, cando sexa necesario, deberán desinfectarse e desratizarse empregando produtos rexistrados e aplicados por persoal autorizado.

3. A limpeza e desinfección de duchas, alcachofas, billas e demais elementos do circuito e acumulador deberan axustar á normativa pola que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a preventión e control da lexionelose.

#### Artigo 24º.-Áreas de restauración, comida, bebida e ocio.

As áreas de restauración e ocio como restaurantes, bares, cafetarías e as pistas de baile deberán situarse fóra da zona de baño e con delimitación suficiente e separación do vaso, co fin de garantir a debida limpeza e hixiene.

#### Artigo 25º.-Caixa de urxencias.

1. Todas as piscinas de uso colectivo disporán dunha caixa de urxencias de fácil acceso.

2. A caixa de urxencias será un armario branco con cruz vermella e pechadura e constará dos elementos mínimos que figuran no anexo II.

#### Artigo 26º.-Teléfono de comunicación exterior.

1. Todas as piscinas de uso colectivo dispoñerán obrigatoriamente dun teléfono ou emisora de radio para a comunicación co exterior.

2. Cerca de este e en lugar visible para o público, expoñerase un cadro con instrucións de primeiros auxilios a accidentados, así como os enderezos e teléfonos dos centros de asistencia más pretos, servizos de ambulancia e demais servizos de urxencia.

#### Artigo 27º.-Local de primeiros auxilios.

Nas instalacións de piscinas de uso colectivo con máis de 325 metros cadrados de lámina de auga, será obrigatoria a existencia dun local destinado a primeiros auxilios, que se situará nun lugar axeitado, ben sinalado e independente de calquera outro. A súa dotación mínima será a seguinte: padiola abatible, instalacións de auga apta para consumo público con lavabo.

### Capítulo V Persoal encargado e funcións

#### Artigo 28º.-Persoal responsable.

Para o coidado e vixilancia das piscinas reguladas neste decreto, así como para atención dos seus servizos, os titulares disporán de persoal tecnicamente capacitado. Necesariamente existirá unha persoa que terá a representación da empresa e que será a responsable do correcto funcionamento das instalacións e servizos, da observancia das disposicións

legais, sen prexuízo da responsabilidade da empresa xestora, que deberá coñecer en todo momento o estado e funcionamento das instalacións.

#### Artigo 29º.-Socorrista.

1. Todas as instalacións de piscinas de uso colectivo, excepto as que se recollen no punto segundo deste artigo, deberán ter polo menos un socorrista con titulación suficiente en materia de salvamento e socorrismo acuático, o cal permanecerá nas instalacións durante todo o tempo que estas se atopen abertas ao público.

2. Para o caso de piscinas entre 500 e 1.000 metros cadrados de lámina de auga, o número de socorristas será de dous. Para piscinas de máis de 1.000 metros cadrados de lámina de auga a Consellería de Sanidade fixará para cada caso o número de socorristas necesarios.

3. No suposto en que a separación física entre os vasos que conforman a instalación de piscinas de uso colectivo non permitan unha vixilancia eficaz deles será obrigatoria a presenza dun socorrista en cada un deles.

4. Da obrigatoriedade de ter socorrista quedarán exceptuadas:

-Aquelhas piscinas de aloxamentos turísticos de superficie de lámina de auga igual ou inferior a 200 metros cadrados e profundidade igual ou inferior a 1,60 metros, que sexan para uso exclusivo dos clientes. Estas instalacións deberán colocar inexcusablemente en lugar visible, indicación expresa da ausencia do servizo de salvamento.

-En todas as restantes piscinas de uso colectivo de superficie de lámina de auga igual ou inferior a 200 metros cadrados e profundidade igual ou inferior a 1,60 metros, o socorrista pode ser substituído por un titulado en primeiros auxilios.

### Capítulo VI Dos usuarios

#### Artigo 30º.-Regulamento de réxime interno.

Todas as instalacións con piscina de uso colectivo disporán dun regulamento de réxime interno que conteña as normas de obrigado cumprimento para os usuarios. Este regulamento deberá ser exposto en lugar visible á entrada do establecemento así como no seu interior. Deberá recoller como mínimo as seguintes prescripcións:

a) Aforo máximo de utilización simultánea de cada vaso da instalación.

b) Obrigatoriedade da ducha antes da inmersión na auga dos vasos.

c) Obrigatoriedade da utilización de chanclas ou calzado de baño persoal nas zonas de pés descalzos.

d) Prohibición da entrada na zona de baño con calzado de rúa.

- e) Prohibición da entrada de animais nas instalacións agás cans guía.
- f) Prohibición de comer, beber e fumar na zona de praia reservada aos bañistas.
- g) Prohibición de abandonar desperdicios dentro do recinto da instalación, debendo emplegar as papeleiras e outros recipientes destinados para o efecto.
- h) Recomendación do uso do gorro de baño nas piscinas cubertas.

## Capítulo VII

### Réxime de autocontrol

#### Artigo 31º.-Autocontrol.

1. Como mínimo dúas veces ao día, no momento de apertura e no de máxima concorrencia, serán analizados os seguintes parámetros na auga de todos os vasos que posúa a instalación:

- a) Condutividade.
- b) PH.
- c) Transparencia.
- d) Concentración de desinfectante utilizado. Se o desinfectante utilizado é cloro determinarase o cloro residual libre e o cloro residual combinado.
- e) Cantidadade da auga depurada e renovada.
- f) Nos vasos cubertos climatizados controlarase ademais a temperatura da auga do vaso, a temperatura ambiental e a humidade relativa do aire.
- g) Nos vasos descubertos climatizados, determinarase a temperatura da auga do vaso.

2. Para a realización destes controis, todas as piscinas de uso colectivo deberán dispor dos reactivos e do instrumental necesario adecuado para cada tipo de parámetro que se vai analizar.

3. Estes datos e o número de bañistas rexistraranse na ficha de control de calidad da auga (anexo III).

#### Artigo 32º.-Programa de control de calidad da auga de baño.

1. Sen prexuízo dos controis a que refire o artigo anterior, os titulares das piscinas de uso colectivo realizarán en cada un dos vasos mensualmente unha análise da auga que incluirá como mínimo os seguintes parámetros: pH, amoníaco, oxidabilidade ao MnO<sub>4</sub>K, condutividade, concentración de desinfectante utilizado, aerobias totais a 37º C e Escherichia coli.

2. O laboratorio que realice as devanditas análises deberán ter, como mínimo, a certificación pola UNE-EN ISO 9001 ou a vixente nese momento.

3. Cando a análise sinale a alteración dalgún dos parámetros, a empresa adoptará as medidas necesarias para a súa corrección e repetirá a análise.

4. A frecuencia e o número dos parámetros deberá modificarse cando se considere necesario para garantir unha vixilancia axeitada da calidad da auga

de baño, tendo en conta os datos históricos da calidáde da auga e mantemento da instalación.

#### Artigo 33º.-Información ao usuario.

1. Os últimos controis sobre a calidad da auga do vaso expoñeranse nun lugar visible e facilmente accesible aos usuarios.

2. Así mesmo, na entrada dos servizos e aseos, figurará nun lugar tamén visible, a data e a hora da última limpeza coa firma identificativa do responsable desta.

#### Artigo 34º.-Información á Autoridade Sanitaria.

1. Os resultados da análises da auga e toda a documentación sobre o mantemento das instalacións estarán ao dispor da autoridade sanitaria.

2. As incidencias que se produzan no funcionamento da instalación, os resultados analíticos, a accidentalidade e calquera outra situación que puidese supoñer un aumento importante do risco para os usuarios comunicarase inmediatamente á autoridade sanitaria por medio do modelo que figura no anexo IV deste decreto.

3. Por outro lado, a autoridade sanitaria poderá exixir e solicitar o titular da instalación, a achega suplementaria de datos e certificacións acreditativas que se consideren convenientes e indispensables para un correcto funcionamiento das instalacións.

## Capítulo VIII

### Inspección sanitaria e autorización sanitaria

#### Artigo 35º.-Inspección.

1. Correspónelle á Consellería de Sanidade, a través das respectivas delegacións provinciais, levar a cabo as actividades de comprobación do cumprimento das disposicións contidas neste decreto e no resto de disposicións sanitarias que resulten de aplicación.

2. Para tal efecto, e sen prexuízo das normas de autocontrol contidas neste decreto, realizaranse as visitas de inspección que permitan verificar aquel cumprimento. De cada visita levantarase a correspondente acta, na que se consignarán as observacións ou deficiencias observadas, con entrega de copia ao responsable da instalación.

3. A autoridade sanitaria poderá exixir e do titular da instalación ou persoal responsable, a achega de cantos datos, documentos ou xustificantes sexan necesarios para o coñecemento ou comprobación da situación ou funcionamento das instalacións. Así mesmo, poderá disponer a realización dos exames ou análises que exixa ou aconselle o exercicio das funcións de vixilancia que ten encomendadas.

4. Cando do exercicio da actividade inspectora resulte que a instalación e/ou vaso non cumpre cos requisitos establecidos nesta norma, poderase proceder á revogación da autorización sanitaria, logo da instrución do correspondente expediente sancionador.

### Artigo 36º.-Piscinas de nova construcción.

1. O concello do que dependa o outorgamento da licenza de obras, remitiralle á Delegación Provincial de Sanidade un exemplar do proxecto da obra co fin de coñecer as características das instalacións, os sistemas de tratamento e outros datos complementarios relacionados co seu funcionamento. Xunto co proxecto, figurará a solicitude normalizada que consta no anexo V debidamente cumplimentada.

2. Examinada a documentación, e solicitados os datos e informes que se consideren pertinentes, o técnico da delegación provincial da Consellería de Sanidade emitirá o correspondente informe.

3. Á vista do informe técnico e dos documentos que integran, o delegado provincial outorgará ou denegará a autorización do proxecto solicitado.

4. Rematadas as obras de construcción ou modificación, a entidade propietaria, a través do concello, comunicarallo xuntando copia do correspondente certificado de final de obra ao delegado provincial da Consellería de Sanidade, que ordenará a realización dunha visita de inspección co obxecto de comprobar o cumprimento das condicións sanitarias aplicables ao caso e concederá ou non a autorización de apertura.

### Artigo 37º.-Autorización de reapertura.

1. Todas aquelas instalacións de piscinas de uso colectivo incluídas no ámbito de aplicación deste decreto, que interrompesen o seu funcionamento durante un período superior a seis meses deberán solicitar a correspondente autorización sanitaria de funcionamento para cada vaso que posúa a instalación.

2. Para tal efecto, o titular ou persoa responsable da instalación presentará a correspondente solicitude no modelo normalizado que consta no anexo VI deste decreto, xunto cun informe técnico que conteña os datos actualizados sobre a análise da auga dos vasos.

3. Á vista da solicitude realizarase a correspondente visita de inspección para constatar o cumprimento das normas sanitarias exixibles.

4. Realizada a visita, e comprobado o cumprimento da normativa, o delegado provincial da Consellería de Sanidade emitirá a correspondente autorización sanitaria de reapertura.

## Capítulo IX

### Réxime sancionador

### Artigo 38º.-Réxime aplicable.

O incumprimento do disposto neste decreto será sancionado, de acordo co establecido no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro e nas normas do seu desenvolvemento, sen prexuízo das responsabilida-

des civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

### Artigo 39º.-Clasificación das infraccións.

1. A gravidade das infraccións establecécese baseándose en criterios de risco efectivo ou danos producidos para a saúde e seguridade dos usuarios, prexuízos ocasionados, grao de intencionalidade, reincidencia e demais circunstancias análogas que concorran.

2. Para tal efecto fíxanse como infraccións sanitarias en materias de piscinas as seguintes:

#### A) Infraccións leves:

a) O incumprimento do disposto no artigo 5.1 sobre as características construtivas do vaso.

b) O incumprimento do disposto no artigo 5.4 en canto aos materiais e revestimentos do fondo e das paredes.

c) O incumprimento do disposto no artigo 6.1 en canto ás pendentes do fondo do vaso.

d) O incumprimento do disposto no artigo 6.3 en canto á existencia de desaugadoiro xeral de gran paso.

e) O incumprimento do disposto no artigo 8.1 en canto ao número de escaleiras.

f) O incumprimento do disposto no artigo 9.1 en canto ao largo da praia ou paseo.

g) O incumprimento do disposto no artigo 9.1 en canto aos materiais e conservación da praia ou paseo.

h) O incumprimento do disposto no artigo 9.2 en canto ao número de duchas nos paseos que rodean os vasos descubertos.

i) O incumprimento do disposto no artigo 11.1 en canto ao número de flotadores.

j) O incumprimento do disposto no artigo 20 en canto á localización e condicións hixiénico-sanitarias dos vestiarios.

k) O incumprimento do disposto no artigos 21.2 en canto ao material e a ventilación dos locais destinados aos servizos hixiénicos.

l) O incumprimento do disposto no artigo 24 en canto á situación das áreas de restauración, comida, bebida e ocio.

m) O incumprimento do disposto no artigo 28 en canto á existencia dunha persoa que tería a representación da empresa.

n) O incumprimento do disposto no artigo 30 en canto á non exposición do Regulamento de réxime interno.

#### B) Infraccións graves:

a) O incumprimento do disposto no artigo 2.10 en canto á separación dos vasos infantís doutros vasos.

b) O incumprimento do disposto no artigo 5.2 en canto á existencia de ángulos, curvas ou obstáculos no vaso que representen perigo para os usuarios.

c) O incumprimento do disposto no artigo 5.5 en canto á existencia dun sistema que impida o acceso aos vasos fóra do horario de funcionamento.

d) O incumprimento do disposto no artigo 7 en canto á existencia de rebordadoiros, skimmers ou calquera outro sistema que garante a calidad da auga.

e) O incumprimento do disposto no artigo 8.1 respecto dos materiais das escaleiras arredor do vaso.

f) O incumprimento do disposto no artigo 9.2 en canto á impermeabilización da plataforma que rodea as duchas.

g) O incumprimento do disposto no artigo 9.3 sobre ás condicións hixiénicas do pediluvio.

h) O incumprimento do disposto nos artigos 12.1 e 12.2 en canto á localización, construcción, deseño, disposición e materiais de trampolíns flexibles, pancas ríxidas, plataformas e torres de salto en xeral.

i) O incumprimento do disposto no artigo 12.3 en canto ás características de seguridade e hixiene dos tobogáns, esvaradoiros e calquera outra instalación similar.

j) O incumprimento do disposto no artigo 13 sobre a humidade relativa e a temperatura ambiental e da auga dos vasos cubertos climatizados.

k) O incumprimento do disposto no artigo 14 en canto á calidad da auga de alimentación e de renovación do vaso.

l) O incumprimento do disposto no artigo 15 en canto á calidad da auga das instalacións xerais e a súa eliminación.

m) O incumprimento do disposto no artigo 16.6 en canto á non achega de auga nova en cantidade suficiente para garantir os parámetros de calidad da auga do vaso.

n) O incumprimento do disposto no artigo 17.1 en canto aos períodos de recirculación.

ñ) O incumprimento do disposto no artigo 18 en canto á existencia de contador para controlar a cantidade de auga achegada ao vaso e un contador para controlar a cantidade de auga reciclada.

o) O incumprimento do disposto no artigo 19.1 en canto á periodicidade e realización do baleirado total da auga dos vasos cubertos.

p) O incumprimento do disposto no artigo 23 en canto á obriga de limpeza de vestuarios e aseos.

q) O incumprimento do disposto no artigos 25 en canto á existencia de caixa de urxencias ou ao seu debido equipamento.

r) O incumprimento do disposto no artigo 27 en canto á existencia dun local de primeiros auxilios en instalacións de máis de 325 metros cadrados.

s) O incumprimento do disposto no artigo 31 en canto á realización dos autocontrois da auga de cada vaso que posúa a instalación.

t) O incumprimento do disposto no artigo 32 en canto á realización das análises correspondentes ao programa de control da calidad da auga do vaso.

u) O incumprimento do disposto no artigo 33 en canto a ter a disposición do usuario os resultados dos últimos controis sobre a calidad da auga do vaso.

v) O incumprimento do disposto no artigo 34 en canto a ter a disposición da autoridade sanitaria os resultados das análises.

w) A reincidencia na comisión de infraccións leves, nos últimos tres meses.

#### C) Infracciós moi graves:

a) O incumprimento do disposto no artigo 6.3, segundo parágrafo, en canto á protección do desaguadoiro xeral de gran paso.

b) O incumprimento do disposto no artigo 16.5 en canto á existencia dun sistema de dosificación do desinfectante.

c) O incumprimento do disposto no artigo 26 en canto á existencia de teléfono ou emisora de radio na instalación de piscinas de uso colectivo.

d) O incumprimento do disposto no artigo 29 en canto á existencia de socorrista con titulación suficiente en materia de salvamento e socorrismo acuático.

e) O reiterado incumprimento dos requisitos específicos que formulen as autoridades sanitarias.

f) A resistencia, coacción, ameaza, represalia, desacato ou calquera outra forma de presión exercida sobre as autoridades sanitarias ou os seus representantes.

#### Artigo 40º.-Sancións.

As infraccións serán sancionadas conforme o establecido no artigo 36 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e o artigo 147 da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia.

#### *Disposiciós adicionais*

Primeira.-As prescripcións establecidas neste decreto, enténdense sen prexuízo das responsabilidades e competencias recoñecidas ao resto das administracións intracomunitarias, de acordo co que se establece na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Segunda.-A Consellería de Sanidade elaborará guías técnicas de recomendación para mantemento de piscinas de vivendas unifamiliares e comunidades de propietarios ou comunidades de veciños definidas no artigo 3.a). Así mesmo a Consellería de Sanidade ofertará a estas piscinas asesoramento técnico por petición de parte.

Terceira. As piscinas de uso colectivo xa autorizadas no momento da entrada en vigor desta norma, que polas súas características de construcción non se poidan adaptar ás prescricións do artigo 22 deste decreto por mor da imposibilidade material de efectuar as modificacións necesarias, poderán ser relevadas da devandita adaptación mediante presentación da oportuna solicitude ante a delegación provincial da Consellería de Sanidade correspondente.

#### *Disposición derogatoria*

Queda derogado o Decreto 53/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sanitario de piscinas de uso colectivo e as súas posteriores modificacións e cantas disposicións de igual ou inferior rango se oponan ao disposto neste decreto.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Sanidade para ditar as disposicións e tomar as medidas precisas en relación ao desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, seis de maio de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Manuel González Álvarez  
Conselleiro de Sanidade

#### *ANEXO I*

##### Criterios de calidade do auga do vaso Caracteres organolépticos

Parámetros	Valor límite
Olor	Lixeiro olor característico do desinfectante.
Escuma permanente, graxa, ou materias estrañas	Ausencia.

##### Caracteres fisicoquímicos a) Propios da auga do vaso

Parámetros	Valor límite
pH (unidades)	8,0
Transparencia	Visibilidade perfecta das marcas do fondo nas zonas máis profundas
Condutividade ( $\mu\text{S} \cdot \text{cm}^{-1}$ )	1700*
Oxidabilidade ó $\text{MnO}_4\text{K}$ ( $\text{mg/l O}_2$ )	< 9
Amoníaco ( $\text{mg/l NH}_4^+$ )	1,0
Tensioactivos catiónicos (sales de amonio cuaternario)	< 5 ppm
Cu ( $\text{mg/l}$ )	2
Al ( $\text{mg/l}$ )	0,3
Fe ( $\text{mg/l}$ )	0,3

b) Debido aos desinfectantes que se poidan engadir

Parámetros	Valor límite
Cloro libre residual ( $\text{mg/l}$ )**	$\text{Cl}_2=0,6 - 1,2$ con pH: 6,8 - 7,4 $\text{Cl}_2=0,8 - 1,4$ con pH: 7,5 - 8,0
Cloro residual combinado ( $\text{mg/l}$ )	$\text{Cl}_2=0,3$ con pH: 7 - 7,6 $\text{Cl}_2=0,5$ con pH: (7,6 - 8,0) 75
Ac. isociánúrico ( $\text{mg/l}$ ) expresado en $\text{H}_3\text{C}_3\text{N}_4\text{O}_4$	0,01
Ozono ( $\text{mg/l}$ ) (***)	10
Ag ( $\text{mg/l}$ )	3
Br ( $\text{mg/l}$ )	Fixarao a Consellería de Sanidade
Outros alxicidas e desinfectantes	

#### Caracteres microbiolóxicos

Parámetros	Valor límite
Aerobios totais (24h., 37°C) ufc/ml	200
<i>Escherichia coli</i> ufc/100 ml	Ausencia
Estreptococos fecais ufc/100 ml	Ausencia
<i>Staphilococcus aureus</i> ufc/100 ml	Ausencia
<i>Pseudomonas aeruginosa</i> ufc/100 ml	Ausencia
Outros microorganismos patóxenos/litro	Ausencia
Organismos vivos de calquera tipo	Ausencia

(\*): este valor poderá ser superado logo de informe da Consellería de Sanidade.

(\*\*): cando o tratamento con cloro sexa complementario con outros tratamentos (físicos, mecánicos ou químicos), os intervalos límite poderán reducirse.

(\*\*\*): será superior a 0,4 mg/l de ozono antes de entrar na auga ao depósito de desozonización cun tempo de contacto de catro minutos.

#### *ANEXO II*

##### Caixa de urxencias

###### a) Medicamentos de urxencia.

Amoníaco (só no caso das instalacións de piscinas descubertas).

Analxésico xeral non inxectable.

Antihistamínico oral.

Antiinflamatorio tópico sen corticoides.

Antiséptico tópico.

Auga osixenada.

Lágrimas artificiais.

###### b) Material de cura.

Algodón.

Apósitos de tul graxo.

Apósitos para pequenas feridas.

Espadrapo normal e hipoalérgxico.

Gasas estériles.

Guantes dun só uso.

Pinzas clínicas de disección.

Tesoiras de aceiro inoxidable.

Vendas elásticas de  $5 \times 5$  e  $5 \times 10$ .

**ANEXO III****FICHA DE CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DO VASO**

Denominación da instalación:

Código do vaso:

Semana ..... ó..... de 2...

	Vasos descubertos e cubertos Non climatizados								Vasos cubertos climatizados			Vasos descubertos climatizados	
	Data Día/Semana	Hora do control	Nivel desinfectante residual (mg/l)	pH	Conductividade µS. cm <sup>-1</sup>	Transparencia	Número de bañistas	Auga depurada (m <sup>3</sup> /h)	Auga renovada (m <sup>3</sup> /h)	T <sup>a</sup> auga (°C)	T <sup>a</sup> ambiental (°C)	H.relativa (%)	T <sup>a</sup> auga (°C)
Luns													
Martes													
Mércores													
Xoves													
Venres													
Sábado													
Domingo													

Produto utilizado como desinfectante.....

Produto utilizado como corrector de pH.....

Observacións.....

Personal responsable.....

Asdo.: .....

**ANEXO IV****DOCUMENTACIÓN DE NOTIFICACIÓN Á AUTORIDADE SANITARIA DE INCIDENCIAS E ACCIDENTES EN VASO OU INSTALACIÓN DE PISCINA DE USO COLECTIVO**

FAX:

PARA: DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DE .....

DE: .....

DATOS DO TITULAR DA INSTALACIÓN	
Razón social	
Endereço	
Concello	
Teléfono	
Nome e apelidos do titular ou representante	

DATOS DA INCIDENCIA	
Localización da incidencia	
Data e hora da incidencia	
Descripción da incidencia	
Medidas adoptadas	
Data e hora da posta a punto	

En....., ..... de..... de 2.....

Asdo.: Nome e apelidos do titular ou representante

## ANEXO V



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

PROCEDIMENTO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
<b>AUTORIZACIÓN SANITARIA AO PROXECTO DE CONSTRUCIÓN DUNHA INSTALACIÓN DE PISCINA DE USO COLECTIVO</b>	<b>SA431A</b>	<b>SOLICITUDE</b>

Don/Dona \_\_\_\_\_, na súa condición de alcalde-presidente do Concello de \_\_\_\_\_ Rúa \_\_\_\_\_ número \_\_\_\_\_, CP \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, Fax \_\_\_\_\_

**COMUNICA:**

Que se presentou no rexistro de entrada deste concello o proxecto de construcción da instalación de piscinas de uso colectivo denominada \_\_\_\_\_ sita en \_\_\_\_\_, do cal xunto copia.

Polo exposto,

**SOLICITA:**

En virtude do artigo 36 do Decreto \_\_\_\_\_/2005 do \_\_\_\_\_ polo que se aproba o regulamento sanitario de piscinas de uso colectivo, **autorización sanitaria para** o citado proxecto.

LEXISLACIÓN APLICABLE	(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo.	RECIBIDO		/ /
SINATURA DO SOLICITANTE	REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
, de de			/ /
			DATA DE SAÍDA
			/ /

Delegado provincial da Consellería de Sanidade de \_\_\_\_\_

## ANEXO VI



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

PROCEDIMENTO <b>AUTORIZACIÓN SANITARIA DE REAPERTURA DA INSTALACIÓN DE PISCINAS DE USO COLECTIVO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>SA431B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, na súa condición de representante legal da empresa ou instalación denominada \_\_\_\_\_, sita no Concello de \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_ número \_\_\_\_\_ CP \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, Fax \_\_\_\_\_

**DATOS PARA EFECTOS DE CONTACTO E/OU NOTIFICACIÓN (SE SON DIFERENTES DOS ANTERIORES)**

NOME ENDEREZO	TEL. / FAX
------------------	------------

**SOLICITA:**

A REAPERTURA da súa instalación. As características principais da instalación son as seguintes:

a) Nº de vasos: \_\_\_\_\_

b) Datos físicos dos vasos:

DATOS / VASOS	1	2	3	4
CÓDIGO (PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN)	_____	_____	_____	_____
LONXITUDE (METROS)	_____	_____	_____	_____
LARGO (METROS)	_____	_____	_____	_____
SUPERFICIE (M <sup>2</sup> )	_____	_____	_____	_____
VOLUME (M <sup>3</sup> )	_____	_____	_____	_____
PROFUNDIDADE MÍNIMA (METROS)	_____	_____	_____	_____
PROFUNDIDADE MÁXIMA (METROS)	_____	_____	_____	_____
PENDENTE	_____	_____	_____	_____
PROCEDENCIA DA AUGA DE ENCHEDURA	_____	_____	_____	_____

\* Data prevista para a apertura ou reapertura: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscinas de uso colectivo.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA / / DATA DE EFECTOS / / DATA DE SAÍDA / /
---	--	--

SINATURA DO SOLICITANTE \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ Delegado provincial da Consellería de Sanidade de \_\_\_\_\_

*Decreto 104/2005, do 6 de maio, de garantía de tempos máximos de espera na atención sanitaria.*

O sistema sanitario galego ten como un dos seus principios básicos a promoción da equidade e o equilibrio territorial no acceso aos servizos e prestacións sanitarios, establecidos no artigo 6 da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia.

Desde a asunción das transferencias do Insalud, no ano 1990, o sistema sanitario galego experimentou un importante desenvolvemento, de tal xeito que hoxe dispón dos medios humanos, materiais e tecnolóxicos para realizar unha asistencia de alta calidade. Porén, a mellora do nivel de vida en Galicia leva consigo o aumento paralelo da demanda sanitaria, polo que é necesario establecer mecanismos para que os tempos de demora nas prestacións sexan axeitados tanto aos requirimentos asistenciais coma á demanda da poboación.

As listas de espera permiten regular os incrementos puntuais da demanda de servizos sanitarios que superen temporalmente a capacidade do sistema. Unha xestión axeitada da lista de espera constitúe un mecanismo fundamental para a aplicación do principio de equidade, possibilitando, para a mesma patoloxía e gravidade, que se atenda a o paciente que permanece maior tempo en espera, e que a demora na prestación de servizos sanitarios sexa axeitada desde o punto de vista asistencial.

O rexistro de lista de espera do Sergas xa ven funcionando desde 1995 coas definicións recomendadas polo comité de expertos dependente do Consello Inter-